

Consello da Cultura Galega

CARA A UN PATRIMONIO PÚBLICO GALEGO: VINTE APUNTAMENTOS

Incipit, CSIC

7 ago. 11

Felipe Criado-Boado

Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit) // Equipo CSD-TCP
Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)
Santiago de Compostela
Email: felipe.criado-boado@incipit.csic.es

Perspectiva

Esta contribución está proposta desde dúas experiencias concretas. En primeiro lugar é un achegamento feito desde a perspectiva dun arqueólogo que leva anos traballando en Patrimonio Arqueolóxico e, en xeral, en Patrimonio Cultural. Precisamente por isto, aínda que escrita especialmente desde a perspectiva do primeiro, non se refire especificamente a este senón que fala do patrimonio nun sentido global. En segundo lugar a posición que define está determinada pola experiencia do *Laboratorio de Patrimonio - LaPa* (unidade de investigación do CSIC, radicada no IEGPS en Santiago de Compostela e que pronto se incorporará como núcleo fundacional do novo *Instituto de Ciencias do Patrimonio -Incipit-* que o CSIC decidiu crear e situar na mesma cidade). Debido a isto, aínda que está escrita como unha contribución individual, incorpora argumentos e experiencias derivadas do grupo de traballo cooperativo que caracteriza a ese laboratorio de investigación; en concreto empréganse nalgún caso propostas procedentes do *Plan Estratégico 2010-13* dese laboratorio.

Presentarei a miña aproximación a esta discusión sobre o Patrimonio Cultural (orientada tal e como me piden para contribuír a un debate sobre a situación deste en Galicia e sobre a posible modificación da *Lei de Patrimonio Cultural de Galicia*), encadeando diversos enunciados, o que mantén a orde e correspondencia lóxica entre as diferentes consideracións, pero permite ser máis breve. Á marxe disto, debemos destacar unha obra recente (M.A. Querol 2010) que recolle a máis recente e integral síntese sobre a tutela do Patrimonio Cultural e que merece ser tida en conta en calquera aproximación a este tema. Asimesmo, fai un ano, o noso laboratorio fixo un informe sobre o proxecto de Lei do Patrimonio Cultural do Uruguai que, aínda que referida a ese proxecto e ao contexto uruguaio, inclúe consideracións que son de utilidade no presente caso (VV.AA. 2009, Villamarzo, et al 2010).

Teño que aclarar que o uso constante do concepto *disciplina* neste texto non é un aserto contra a interdisciplinariedade e a favor da autonomía de cada disciplina concreta, senón que é un termo que utilizo por ser máis satisfactorio que outros

alternativos como “ciencia”, “saber” ou “relato”, que dan una idea errónea e ideolóxica da situación real da práctica arqueolóxica. Ten, ademais, a vantaxe de ser un termo que insiste non no carácter científico ou narrativo do coñecemento sobre o patrimonio, senón no carácter disciplinador, de rigor no dobre sentido, obediencia ou incluso submisión que as disciplinas científicas impoñen aos seus practicantes. Desde unha crítica foucaltiana do saber, practicar unha disciplina non supón só ser un profesional dunha ciencia específica, senón ser ante todo un acólito que reproduce disciplinadamente o réxime de creación da verdade co cal unha disciplina se impón; máis nos vale ser conscientes disto. O uso sistemático do concepto “disciplina” neste texto connota, así, unha visión autocrítica porque denuncia e fai ostensible a quimera de unicidade, exixencia e adestramento que acompaña a toda disciplina.

O contido deste texto en vinte apuntamentos e un epílogo:

-1.Pegada, memoria e esquecemento.....	2
-2 A cadea de valor do Patrimonio	3
-3 O Patrimonio e a investigación	3
-4 O Patrimonio era outra cousa	5
-5 Patrimonio e conflitos	6
-6 A realidade do Patrimonio é a súa actualidade.....	6
-7 Louvanza do traballo en Patrimonio.....	8
-8 Reacción e contestación pública.....	8
-9 Relevancia social da investigación e xestión do Patrimonio	9
-10 Cara a unha nova científicidade.....	9
-11 Unha noción estendida de Patrimonio	10
-12 Comprensión do Patrimonio como “acervo”	11
-13 A centralidade da Arqueoloxía para o Patrimonio	11
-14 Patrimonio, sentido e significación	12
-15 O Patrimonio entre a ciencia e a etnociencia.....	13
-16 Ciencia en Comunidade, Patrimonio Público.....	14
-17 A transdisciplinariedade radical dos estudos do Patrimonio	15
-18 Tecno-ciencia do Patrimonio e mercado de traballo.....	16
-19 Patrimonio e economía do coñecemento	17
-20 Algunhas prioridades concretas.....	18
Epílogo	20

-1.Pegada, memoria e esquecemento

Os seguintes parágrafos e conceptos están tomados do *Plan Estratéxico do LaPa* (ver Criado-Boado et al. 2008a e 2008b), e reflicten as posicións que, en relación co estudo e xestión do patrimonio cultural, orientan o traballo desa Unidade de Investigación.

O **concepto de Patrimonio Cultural** que utilizamos entende a este, de forma sintética, coma a pegada *da Memoria e o Esquecemento* (Criado-Boado 2001). Esta pegada está composta polo *conxunto de produtos da actividade humana e os seus restos, intencionais e non intencionais, tanxibles (ou materiais) e intanxibles (ou imaxinarios), que representan os procesos históricos e sociais, que obteñen o seu sentido destes e que, ao tempo, son resignificados por eles ao introducir sentidos novos e/ou ser renegociados*. Esta definición inclúe, por unha parte, aos

obxectos e ideas que son socialmente valorados coma “bens patrimoniais”, xa sexa no propio contexto no que son creados ou noutro contexto posterior; pero, por outra parte, inclúe aos “obxectos” e “restos” factibles de acadar esa valoración máis tarde polo seu carácter representativo. Esta definición entende que o Patrimonio Cultural é un feito metacultural, é dicir, un feito social mediante o cal certos procesos culturais e as súas impresións materiais se lexitiman coma algo digno de ser estudado, conservado, inventariado, catalogado e posto en valor. Por isto mesmo, a definición incorpora ao que, confusamente, se denomina “Patrimonio Natural”, non só porque o medio natural é, sempre, un produto influído pola acción social e que garda a pegada ecolóxica da humanidade, senón tamén porque o medio natural acada a categorización de “Patrimonio” a partir dunha semantización socio-cultural (Criado-Boado et al. 2008).

-2 A cadea de valor do Patrimonio

Unha característica básica da nosa aproximación é utilizar a **Cadea de valor do Patrimonio** como modelo teórico para organizar a investigación e xestión do ben patrimonial. Este modelo, a cuxo desenvolvemento contribuíu de forma significativa a investigación do LaPa (Criado-Boado 1996, González-Méndez 1999, Barreiro 2003) no pasado, entende que os bens patrimoniais están configurados por actos de identificación, documentación, significación, valoración, conservación, difusión e recepción, e establece que as boas prácticas en investigación e xestión deses bens deben incluír todas esas dimensións.

Esta concepción é paralela, en certa medida, ao concepto de **Cadea de valor da ciencia**. Por iso mesmo, unha (calquera) estratexia de investigación en patrimonio pretende satisfacer o ciclo completo desa cadea de valor en relación cos bens patrimoniais, a saber: **investigación** como produción de coñecemento novo, **transferencia** como medio para facer ese coñecemento social e economicamente útil e relevante, e **difusión** como instrumento para valorizar ese coñecemento ante o público.

A partir destas posicións, derívanse consecuencias concretas sobre a **relación entre patrimonio e investigación**, sobre a **ontoloxía do patrimonio**, sobre a súa **dimensión conflictiva**, e sobre a **actualidade** deste.

-3 O Patrimonio e a investigación

O *obxectivo científico da investigación en patrimonio é establecer como se constitúe e organiza a cadea de valor do Patrimonio Cultural*. Isto supón establecer como se configura o Patrimonio Cultural a través de procesos de patrimonialización – tradicionalización, que significou nos seus contextos orixinais de uso, como se resignificou nos contextos sociais que reinterpretaron eses bens como valores patrimoniais, e como se transforman en recursos culturais nas nosas sociedades. Polo tanto, o I+D en patrimonio debería desenvolver tecnoloxía e procedementos avanzados para dar conta de todas as diferentes dimensións que involucra a cadea de valor do patrimonio cultural: a súa identificación, conservación, significación, valoración, posta en valor social, e recepción pública.

Isto quere dicir que o problema científico da investigación do patrimonio debería ser o **recoñecemento e análise da dimensión patrimonial da realidade social**: toda a realidade social é cultura e a cultura exprésase e formalízase prioritariamente a través de bens e valores que constitúen o Patrimonio Cultural; toda a realidade contén elementos patrimoniais e, na medida en que utiliza estratexicamente a memoria, a identidade e a tradición, constrúese con base neles. Polo tanto, unha investigación avanzada en Patrimonio Cultural debe servir para, baseándose en estudos empíricos rigorosos informados por modelos teóricos robustos, descubrir de modo positivo e crítico os procesos a través dos cales as sociedades valoran e valoraron (ie, constrúen e construíron valor) unhas cousas en vez doutras. [Ver punto 9]

A partires destes conceptos, despréganse unha serie de características que afloran en particular na actividade do noso laboratorio pero que, desde o meu punto de vista, deben cruzar toda a actividade en patrimonio:

1. A aproximación ao Patrimonio a través da súa *dimensión espacial* e privilexiando a súa articulación espacial. Isto deriva en parte dunha tradición de investigación baseada na *Arqueoloxía da Paisaxe*. Pero é tamén consecuencia dun feito esencial e, a miúdo, menosprezado nas aproximacións ao Patrimonio: os bens que o constitúen son sempre “formas” e, como tales, as súas características formais (en non só matéricas) inflúen nos procesos de identificación, conservación, significación, valoración e, incluso, de posta en valor social e recepción pública do “ben”. Deste modo, o eixo integrador do traballo en patrimonio debe pivotar en torno á dimensión formal do Patrimonio Cultural e ao seu estudo e caracterización científica con metodoloxías avanzadas pero integradas e enriquecidas dentro de aproximacións transversais que involucren diferentes disciplinas: Historia, Arte, Antropoloxía, Arqueoloxía, Arquitectura, Ciencias da Terra, Ciencias de Materiais, entre outras.
2. Orientación metodolóxica centrada nos *materiais en si mesmos*, e baseada en técnicas de traballo de campo precisas, no rexistro exhaustivo da información; o control do rexistro e das condicións nas que os datos son documentados permite que esa información poida ser utilizada e revalorizada por outros axentes posteriores. Non hai patrimonio sen un *arquivo* que sirva de depósito ordenado e sistemático do mesmo.
3. *Aproximación teórica de carácter racionalista*, baseado en aproximacións estruturais e posestruturais, e nun método interpretativo baseado na descrición densa e nunha epistemoloxía de influencia posmoderna que procura, porén, superar a través da intersubxectividade, a reflexividade e o pragmatismo crítico, o subxectivismo solipsista das aproximacións posmodernistas máis ao uso.
4. As múltiples dimensións, incluíndo sociais e comunitarias, dos bens patrimoniais, demandan aplicar a estes non só lecturas interdisciplinarias, senón tamén modos de traballo en grupo, cooperativos e interactivos. Para

potenciar estes é básica a creación, mantemento e uso dun *Sistema de Información compartido e común*, que aplique plenamente, aínda que con cautelas, modelos de acceso aberto á información.

5. O estudo e xestión do patrimonio require propugnar una posición definida como *pragmatismo crítico* (enunciada en Barreiro 2003) para posibilitar accións de produción de valor e de interacción co medio que procuren influír directamente sobre a realidade social e contribuír á transformación das súas condicións obxectivas, sen subestimar con isto os riscos de mercantilización e cousificación que toda función produtiva leva aparellados.
6. Finalmente, o traballo en patrimonio debe partir dunha visión que non se conforma só con *xerar coñecemento sobre os procesos de produción sociocultural da realidade* (no pasado e no presente) a través do análise dos bens patrimoniais constituídos polo rexistro arqueolóxico, o histórico, ambiental ou antropológico, senón que pretende *desempeñar un papel nas dinámicas de construción e transformación da realidade no presente*, a través da súa plena inserción nas políticas de xestión do Patrimonio Cultural, do Medio Natural (do que aquel forma parte), de Ordenación do Territorio e de Desenvolvemento Social.

-4 O Patrimonio era outra cousa

A proposta anterior implica que *o patrimonio existe agora pero non existiu sempre; antes había outras cousas que non eran aínda patrimonio*. Como tal patrimonio, só existe agora e no agora. Isto ten implicacións importantes para o patrimonio, pois xustifica e establece como inevitable a ruptura presente-pasado, a escisión entre a orixe e a actualidade do patrimonio, a división entre o contexto de produción do-que-vai-ser-patrimonio e o contexto de aprecio e valorización que converte iso en Patrimonio. O que na nosa actualidade conforma o patrimonio, antes era outra cousa; esas cousas, recoñecidas como bens patrimoniais, só existen agora porque é o noso sistema de saber-poder o que os configura como tales; nese sentido o patrimonio, aínda que veña do pasado, é presente e actual.

Poderíase dicir que aquí radica o “pecado orixinal” do patrimonio (por máis que esta expresión non sexa correcta porque provoca una connotación de culpabilidade e intencionalidade que non se lle pode demandar ao pasado en nome do presente), xa que esa separación é o que determina que o patrimonio sexa en grande medida un significativo baleiro que pode ser enchido con calquera significado e, polo tanto, manipulado para adaptalo ás cousas que teñen menos que ver co seu contexto de formación que co contexto no que se utilizan e revalorizan. Esta realidade bidimensional (antiga e actual, pretérita e presente, nosa e doutros) multiplica os estratos e complexidades do uso e valoración sobre o patrimonio. Revisaremos algúns deles facendo una glosa de certos enunciados principais que a continuación detallo.

-5 Patrimonio e conflitos

As condicións ontolóxicas do patrimonio entrañan que un *certo nivel de controversia é sempre inherente a este*, xa que os entrecruzamentos de orixes, razóns, intereses, actores, sentidos e lexitimidades, fan que o patrimonio sexa algo sempre sometido a disputa e discusión. Os bens patrimoniais son escenario preferente de conflitos, motívanos cando diferentes intereses se xustifican sobre o *seu* patrimonio, e súfrenos cando actores en pugna toman como refén o patrimonio dos outros. Desde a queima da Biblioteca de Alexandría ata a de Saraxevo son un bo exemplo disto.

Ademais o patrimonio non é só o monumento das memorias vitoriosas na historia. Os perdedores, os protagonistas anónimos, as resistencias, tamén producen bens patrimoniais. A vontade de verdade e a vontade de visibilidade hexemónicas poden ocultar isto e condenar outros patrimónios ao esquecemento e á opacidade. Pero os materiais son tan persistentes coma as resistencias, e a través daqueles remátase representando estas. Así rematan emerxendo patrimónios non-desexados polo poder dominante, pero que se fan presentes e reafirman a presenza e reclamacións doutras vontades. Existe pois un *patrimonio non-desexado* (Tunbridge 1996). O Cárcere de Carabanchel, en Madrid, sería un exemplo; foi a prisión principal da represión franquista contra os opositores ao réxime; recentemente foi demolida dentro dunha operación inmobiliaria, pero, mentres tanto, a comunidade e os memoriosos da resistencia demandaban a súa preservación como Monumento de Memoria; converteuse nun exemplo dun patrimonio non desexado (González-Ruibal 2009).

O patrimonio é o lugar de cruce de diferentes racionalidades culturais. A miúdo esas interseccións propician, como consecuencia das dúas calidades anteriores, unha confrontación entre diferentes lóxicas do mundo. Esta calidade do patrimonio é inherente a el porque, non en van, os bens patrimoniais supoñen o lugar de encontro de, cando menos, dúas racionalidades: a orixinal e a actual. En realidade son moitas máis as racionalidades que neles conflúen, pois entre ámbolos extremos (o orixinal e o actual) o patrimonio foi valorado e utilizado por múltiples contextos de recepción e uso, cada un dos cales converxe nel co seu propio discurso e racionalidade. É máis, dado que os actos de patrimonialización toman vantaxe da tradición e prestixio previo dalgúns bens patrimoniais, as superposicións son frecuentes; pero toda superposición de acontecementos é unha superposición de racionalidades. A Mezquita de Córdoba desde os omeias ata os cristiáns, ou o Koricancha no Cusco desde os Incas ata os conquistadores, son bos exemplos.

-6 A realidade do Patrimonio é a súa actualidade

Estas propostas implican que a *realidade real do patrimonio é a súa xestión*. Isto permite mitigar en parte o problema anterior, pois de feito é una calidade transitiva, xa que é tanto consecuencia dese problema como unha forma de solucionar o mesmo. En efecto, non queda máis remedio: se os bens patrimoniais non existiron no pasado senón que son creados por actos de aprecio de contextos actuais que

reempregan elementos do pasado (ou de outros contextos culturais), e se a distancia entre forma patrimonial e sentido orixinal facilita a manipulación deses bens, o seu manexo como *free-meaning values*, entón a nosa obriga é propiciar un sistema de xestión integral deses bens no presente que tome en conta todas as súas dimensións para xestionalos debidamente, de forma ordenada e, sobre todo, respectuosa con todos os valores e prácticas sociais e discursivas nas que se inxiren eses bens.

A razón de ser do patrimonio non se esgota en si mesmo, do mesmo modo que o patrimonio non se constitúe por si mesmo. Depende de instancias externas a el, que o converten en patrimonio ao sinalo e valorízalo. Polo tanto o *patrimonio non existe en si ou para si, senón de si* para o mundo. Isto relacionase co seguinte, xa que o *patrimonio se debe ao aprecio da sociedade*. É o resultado de actos de valoración e estima que permiten recoñecer o patrimonio como algo propio ou recoñecible por certos sectores, cando non pola totalidade dunha sociedade.

Isto quere especificamente dicir que o patrimonio non se pode separar da estima que os pobos, comunidades e individuos teñen del, e polo tanto a súa protección, xestión e conservación non se resolverá debidamente sen ter a esta en conta. Sen un acto inicial de aprecio o patrimonio non chega a ser tal; pero tampouco se pode conservar e manter sen o aprecio posterior. O que non se aprecia, deixa de ser valorado como patrimonio e a súa conservación crea entón problemas prácticos que están á altura do problema epistemolóxico e ético que é recoñecer algo que non se quere coñecer. A conservación do patrimonio arqueolóxico en contextos conflictivos (por motivos identitarios, culturais ou económicos como, por exemplo os urbanos, onde ese patrimonio se contrapón a proxectos de produción de valor que interesan a determinados axentes e, a miúdo, á maior parte da comunidade) é un bo exemplo: un mosaico romano na cidade é patrimonio que se debe conservar, pero se non hai unha corrente de reapreciación deste, a súa conservación crea problemas esenciais e a miúdo irresolubles; non hai alternativa fronte á presión especulativa, salvo a conservación forzosa que non é unha boa aliada para resolver os problemas de forma pragmática.

Por isto, a *revalorización do patrimonio é precondition para a súa preservación e conservación*. Isto ten unha implicación práctica: as estratexias e proxectos de revalorización (concepto que implica tanto re-significar como fomentar a estima ou acometer accións efectivas de posta en valor, a pesar de que a miúdo se esquece e se confunde cunha intervención física ou construtiva para poñer en valor), non son algo accesorio e que está ao final dalgúns proxectos privilexiados, senón unha proposta que ten que estar na raíz das estratexias de conservación, que ten que xurdir no mesmo momento que se xeran as alternativas sobre o que facer cos bens patrimoniais.

-7 Louvanza do traballo en Patrimonio

É necesario facer un **eloxio do traballo en patrimonio e dos seus profesionais**, algo sempre necesario posto que as disciplinas humanísticas (que maiormente nutren o traballo en patrimonio) están afectadas de certos problemas de autoestima.

Pero o traballo en patrimonio cultural é bonito –e emocionante, efectivo e interesante, relevante e atractivo; combina traballo de campo e intelectual, investigación empírica e preocupacións teóricas, a obra coa reflexión, o traballo manual coa alta tecnoloxía de laboratorio, o campo co arquivo, o laboratorio coa biblioteca, o público xeral coa alta especialización, a práctica científica coa xestión de proxectos complexos, o esforzo físico coa dirección de xente, o estudo coa divulgación, a comprensión histórica coa aplicación práctica, o goce intelectual coa produción de valor. En xeral, os técnicos de patrimonio son (ou deben ser) profesionais ben formados que poden moverse nunha ampla variedade de rexistros. Ademais as accións en patrimonio teñen tirón mediático (os proxectos arqueolóxicos, as exposicións de arte, as grandes intervencións, producen impacto, aínda que este a miúdo estea determinado por un énfases na estética do descubrimento, a espectacularidade ou a novidade que é discutible e escasamente oportuno).

-8 Reacción e contestación pública

Porén, ao lado dun certo prestixio social, **as decisións sobre o patrimonio son respondidas e criticadas**; as obras de restauración son en xeral mellor aceptadas que a orde que resolve sobre a conservación dun sitio. O dilema entre pasado e progreso, conservación do patrimonio ou desenvolvemento (a pesar de ser falso) é un lugar común nos medios de comunicación e na opinión pública.

A Arqueoloxía e a protección do patrimonio arqueolóxico (especialmente en medios urbanos e en contextos de proxectos inmobiliarios e de construción) é especialmente problemática. Habería que preguntarse que responsabilidade compete nisto a unha política de xestión do patrimonio que, ao levar a efecto o imperativo da conservación, produce unha impresión problemática de si mesma, semella estar contra do progreso e do desenvolvemento social e, en cambio, é incapaz de mostrar os beneficios científicos, sociais e comunitarios, económicos incluso, que a intervención sobre o patrimonio xera. Así, ao final, incomodamos ao público e dilapidamos os anos de bonanza, que pasaron sen que serviran para consolidar a nosa situación no mercado do traballo e das ideas; agora estamos, en cambio, sacudidos por unha crise que é de falta de traballo, ... e que xa antes era de falta de ideas. [Isto está relacionado coas observacións do punto 19]

-9 Relevancia social da investigación e xestión do Patrimonio

Un trazo que merece a pena destacar é que o estudo crítico do patrimonio e (d)as intervencións sobre este, ofrecen a posibilidade de afrontar **temáticas de gran relevancia para a sociedade e para a actualidade**, temas que interesan á ciencia, ao pensamento e ao grande público. Non só se atopan entre eles unha boa parte de todas as grandes cuestións da investigación arqueolóxica, histórica ou antropolóxica. Senón que ademais contribúen á resolución de novas prioridades de investigación coma, por exemplo, o *cambio climático e global*, a *ordenación do territorio*, o *planeamento urbano*, as *paisaxes culturais*, a *calidade de vida*, as *formas materiais*, a *formación da identidade*, os *procesos identitarios*, a *memoria histórica*, a *inmigración*, o *multiculturalismo*, etc.

Todos estes temas ou forman parte do patrimonio, ou se relacionan estreitamente con este ou se reflicten nel e subliñan o interese de estudar o patrimonio non só por si mesmo, senón pola súa significación metacultural. De feito, entre calquera das prioridades de investigación que se marquen nas humanidades, hoxe por hoxe o patrimonio é sempre unha delas, aínda que esta elección depende máis do valor cualitativo e cuantitativo que posúen os bens patrimoniais en sociedades dotadas do espesor histórico das nosas, que de ese valor metacultural que sinalamos. Pero no fondo, o valor e utilidade cognitiva do patrimonio veñen dados porque (i) a través del reflíctense os procesos de materialización (é dicir, o ser ou totalidade social feita materia en produtos e obxectos concretos que teñen vidas, *biografías* azarosas nas que se combinan e negocian a natureza estrutural e continxente da vida social), e (ii) nel represéntase a outredade, polo que o patrimonio permite acceder á experiencia do outro, percibir o que é radicalmente diferente, recoñecer a diferenza sen paliativos (é dicir, aínda que o patrimonio tamén fala “de nós” ao mostrar como interacciona o presente cos bens patrimoniais, simultaneamente dá voz a outras culturas, a outras historias, a outras vidas e ofrece a posibilidade de problematizar a nosa autocomprensión fronte á confrontación coa diversidade).

Nun contexto académico no que non hai ningunha disciplina cuxo obxecto de estudo sexa a cultura material, e nun contexto socio-político no que hai que conciliar o multiculturalismo e relativizar a hexemonía da propia identidade, ambas capacidades deben ser revalorizadas.

-10 Cara a unha nova cientificidade

A actual investigación do patrimonio enfrenta un importante **reto teórico-metodolóxico**. O esgotamento das metodoloxías que explican o positivismo e as alternativas *new* (Nova Arqueoloxía, Nova Xeografía) e funcionalistas (Antropoloxía Social, Teoría de Sistemas) dos pasados 70, non foi compensado polo auxe das metodoloxías subxectivistas e fenomenolóxicas a partir dos anos 80. As derivacións simplistas desta corrente xeraron unha vacuidade subxectivista que durante os últimos anos encerrou ás disciplinas humanísticas nun simulacro de saber narrativo anticientífico e solipsista.

Sen caer en erros do cientifismo procesual e positivista, debemos perfeccionar o método dos estudos do patrimonio reclamando un modelo *débil* de cientificidade que alente a produción dun coñecemento que pretende ser “científico” porque se basea en modelos teóricos robustos, é informado por evidencias empíricas rigorosas e tende cara a un ideal de obxectividade.

A vocación ética por un coñecemento desinteresado e supraindividualista, a necesidade de mellorar os sistemas de rexistro e a calidade da información que manexamos, incluíndo procedementos para garantir a congruencia e trazabilidade dos datos, e a urxencia por perfeccionar os nosos modelos teóricos de referencia (tanto os epistemolóxicos que determinan como podemos coñecer, coma os interpretativos que dan sentido ao coñecemento), son partes ineludibles do desenvolvemento teórico-metodolóxico que constantemente necesitan as ciencias, as humanas, as sociais e as do patrimonio. É certo que o coñecemento humanístico e o do patrimonio son, pola súa natureza, interpretativos, que son en gran medida de carácter hipotético, e que se expresan (e a miúdo se constrúen) de forma narrativa; nisto ten razón o pospositivismo en oposición ao positivismo. Pero en contra das derivacións posmodernistas e subxectivistas do primeiro e a favor do segundo, isto non pode ser escusa para fundar o coñecemento só subxectivamente. Debemos garantir tanto o rigor empírico coma o hermenéutico. É necesario recuperar a correspondencia da interpretación cos datos, mellorar os sistemas de produción e documentación da nosa información, garantir as condicións de enunciación e certeza das nosas hipóteses e valoracións, reforzar as condicións de posibilidade e validez do coñecemento que producimos.

-11 Unha noción estendida de Patrimonio

Os novos espazos de experiencia e aplicación do patrimonio dan lugar a **ampliacións sucesivas do obxecto de traballo das disciplinas implicadas** que, antes de ser antagónicas entre si, son complementarias, porque representan diferentes modulacións desas disciplinas para adaptarse a casuísticas e prácticas diversas.

A Historia, a Arqueoloxía ou a Antropoloxía (por só indicar algúns casos) que traballan en patrimonio, non son exactamente iguais que os seus correlatos académicos. Todas esas disciplinas empobrecense se non operan transformacións que lles permitan: centrarse activa e positivamente no patrimonio e nos seus problemas, comprender os procesos de materialización que producen os bens patrimoniais, caracterizar os procesos de patrimonialización que dan lugar ao patrimonio, render o sentido, superar os seus límites disciplinares e converxer con outras disciplinas, interactuar coa comunidade e o público, e interaccionar de forma innovadora coa sociedade e o seu medio. A ampliación dos ámbitos de experiencia da Arqueoloxía desafia a súa propia configuración epistemolóxica tradicional pegada ao saber e aos contextos académicos. Conxugando todos os “seres” desas disciplinas (ser elas mesmas, ser una tecno-ciencia do Patrimonio, ser transdisciplinarias, ser públicas e comunitarias, ser arquetipo de transferencia de coñecemento en humanidades) estas poden contribuír á creación dun novo modelo

de coñecemento, algo imprescindible neste atribulado inicio de milenio sacudido por unha crise cultural sen precedentes.

-12 Comprensión do Patrimonio como “acervo”

É necesario facer unha revisión crítica do propio concepto de patrimonio e da súa centralidade para as nosas prácticas (ao modo de Haber 2010a) porque a omnipresencia da referencia ao patrimonio, o uso tópico desta apelación, dá a este concepto unha mera función de lexitimar e encubrir prácticas tradicionais, máis que un auténtico poder transformativo (a proliferación de “mestrías de patrimonio” que na realidade son historias da arte ou arqueografías ao uso, son exemplos xenuínos disto). Na realidade, como xa dixemos, o patrimonio era outra cosa e debe ser entendido doutro modo.

Un destes modos é comprendelo como acervo (o conxunto de bens morais, culturais e materiais dunha comunidade dada), o que abre unha noción estendida de patrimonio: o patrimonio así concibido constitúe en realidade o repositorio da tradición cultural dun grupo e, neste sentido, axuda a construír a relación dunha colectividade coa súa memoria e identidade, pois é (tanto para as comunidades coma para as familias ou os individuos concretos) o material infraestrutural sobre o que se constrúe o vínculo do presente co pasado, coa tradición, co recordo. Os seus materiais, tecnoloxías, formas de enfrontarse ao mundo, coñecementos, valores, símbolos e demais aparato sociocultural, represéntanse e contéñense no patrimonio.

-13 A centralidade da Arqueoloxía para o Patrimonio

A estreita relación entre **Arqueoloxía e cultura material** facilita que esta disciplina poida desempeñar unha especial función no patrimonio. No seu sentido máis disciplinar, a Arqueoloxía é a disciplina que interpreta, a través dos vestixios da cultura material, os procesos socioculturais de construción da realidade no pasado. Esta definición pon o acento no estudo da materialidade, nos procesos de materialización dos produtos culturais, na vida social dos obxectos.

Unha Arqueoloxía concibida deste modo está abocada a estenderse cara ao estudo do pasado contemporáneo (González Ruibal 2008), algo que está máis acó que a Arqueoloxía Histórica e que, xunto con ela, representa un dos campos de maior desenvolvemento previsible da Arqueoloxía no inmediato futuro. Pode deconstruír a relación entre os grupos sociais, a súa memoria e a súa identidade (ou mellor, identidades) a través da pegada material que esa relación produce. Pode, entón, desempeñar unha importante función nos procesos de recuperación da memoria histórica (González Ruibal 2007). Con isto amplíanse os seus horizontes, os rexistros que analiza, as temáticas e períodos que abarca, tamén os seus recursos e problemas prácticos, a súa relevancia social e os seus dilemas éticos.

Obviamente tamén outras disciplinas poden contribuír a ese proxecto desde outras posicións e con outras metodoloxías. O título deste apartado non quere dicir

que a Arqueoloxía sexa a única disciplina central. De feito esa certa centralidade da Arqueoloxía para o patrimonio a miúdo xera suspicacias; véxase por exemplo una recente declaración na prensa galega: “axiña van principiari os debates para a redacción da nova Lei do Patrimonio Cultural de Galicia que supere á do ano 1995, con abondosas lagoas e excesivamente arqueoloxizante” (García-Bodaño 2010). Pero, que quere dicir “excesivamente arqueoloxizante”? Que esa lei se preocupa debidamente pola salvagarda e xestión do Patrimonio Arqueolóxico? Se é así, entón habería que adaptar os estándares dos outros patrimonios a este; non rebaixar este porque pareza excesivo. En realidade a Arqueoloxía é a forma como os arqueólogos fixeron as súas tarefas en relación coa protección e posta en valor do Patrimonio Arqueolóxico, son un bo exemplo da evolución que poden seguir outras disciplinas e especialistas. Exemplo non exento, loxicamente, dunha necesaria avaliación crítica sobre a que volveremos máis abaixo [ver punto 8 e punto 19]. Pero, ao marxe dela, aquí debe aflorar unha idea máis importante: o patrimonio é un só e non admite divisións especializadas: ente arqueolóxico, etnográfico, construído, arquitectónico, artístico, etc. Esas divisións son unha forma de estender e manter as divisións disciplinares e curriculares, e con isto a vontade de poder dos seus acólitos practicantes. Pero nin son formas substantivas do patrimonio, nin son modos adecuados para xestionar mellor este.

-14 Patrimonio, sentido e significación

A necesidade de incrementar o rigor teórico-metodolóxico ao que me referín máis arriba combínase cun problema que na actualidade comparten o noso mundo e a vida social, tanto coma as humanidades e as ciencias: **como establecer o sentido na era da información**. A nada que se pense un pouco, “o problema do sentido” é problema central de todos os campos de experiencia e xogos da linguaxe na transmodernidade, no coñecemento e na vida cotiá: na ciencia, nas humanidades, nos etnosaberes, nas tradicións, no multiculturalismo. Tamén no patrimonio cultural, que son formas pegadas a un sentido que é, só en parte, orixinal (ie: derivado do contexto de produción desa forma no pasado noutras sociedades), porque é, sobre todo, actual (ie: derivado da incorporación desa forma a prácticas sociais na nosa actualidade).

Vivimos na Era do Sentido, da produción ininterrompida de significado. Se a posmodernidade é algo, é ante todo un descentralización e fragmentación das capacidades para darlle sentido ao real. Iso non só xera pluralidade e riqueza, senón tamén ruído e disonancia. Se cada un crea sentido por si mesmo, cal é o sentido que prevalece? E se é inherente ao sentido que non poida haber un senón moitos, como se equilibran os diferentes sentidos entre si? Hoxe sabemos que todos os sectores, grupos e individuos teñen razóns que poden ser atendidas, pero ninguén ten razón para ser preponderante ou anular aos demais. Ao único que claramente non podemos aspirar a ser, é a ser hexemónicos. E hai que sospeitar de calquera que pretenda selo. Pero entón, como se completan as diferentes razóns entre si, demóstrase cal é unha mala razón ou amósase cal é mellor?

En contra do que propugnaba o paradigma positivo da ciencia lineal, esa cuestión tense que resolver nun contexto marcado pola posmodernidade e desde unha posición pospositiva, pero atendendo a unha demanda de obxectividade que non podemos desatender para evitar a cacofonía individualista. A Arqueoloxía pode contribuír no seu ámbito (que é o da cultura material, o acervo e a memoria) ao desvelo do sentido producindo un coñecemento fundado (como propuxemos en Criado e.p. explorando os límites e posibilidades da interpretación) nun método interpretativo, un sistema ordenado e demostrable de enunciación de hipóteses e de validación de interpretacións e un procedemento de asignación de significado a estas. Pero un coñecemento que se constrúe de maneira hermenéutica, que se dá en forma de interpretacións e que se representa de forma narrativa, é un coñecemento que non pode senón conciliarse con outras formas de saber e racionalidade. Aí hai un desafío máis.

-15 O Patrimonio entre a ciencia e a etnociencia

Cando se examina a situación de diferentes campos de investigación e disciplinas científicas na actualidade, advertimos que en todos eles se esgotan os modos tradicionais de facer. Pouco a pouco, case imperceptiblemente para moitos, estase a disolver o modelo lineal de ciencia para comprender e xestionar a realidade. Requirimos en cambio novos paradigmas de coñecemento e modelos de análises adaptados a realidades non lineais, multidimensionais, complexas.

De partida temos que aceptar que hai múltiples formas de coñecemento distintas e alternativas. A ciencia non é xa o único coñecemento posible nin é o máis válido universalmente; segundo o contexto no que esteamos, a estética, a arte, a narración, o ensaio, a especulación, a moral, a sensibilidade, o autocoñecemento, pero tamén os saberes tradicionais e comunitarios, entre outros, poden producir representacións certas da realidade e contribuír á constitución dunha razón práctica que permita operar satisfactoriamente sobre aquela, o que ao final presupón o fin do modelo lineal de coñecemento científico; e se estamos en contextos non modernos ou occidentais, temos que aceptar que outros discursos e relatos (os saberes etnográficos, a mitoloxía, os etnodiscursos) poden dar conta cabal da realidade e funcionar como mecanismo eficaz de interacción con ela.

A ciencia, en cambio, ten que incorporar dentro de si mesma instrumentos adecuados para posibilitar o diálogo con outras formas de coñecemento. Isto non hai que facelo só por razóns epistemolóxicas radicadas na crítica ao modelo hexemónico de coñecemento científico que propugnaba o positivismo. Tampouco por ser, dentro da ciencia e doutros tipos de discursos, xenuinamente demócratas e aceptar que todo o que teña un interese lexítimo ten algo que saber e algo que dicir. Hai que facelo, incluso aínda que non aceptemos razóns epistemolóxicas ou morais, por imperativo egoísta: a imaxinación ten un rol na ciencia pois é ela a que alimenta as conxecturas, as hipóteses e a innovación, por que entón non ir buscar inspiración en calquera sitio que nos provea de boas imaxes para imaxinar cousas?

Polo tanto non podemos seguir sendo científicos intransixentes para manter con isto a contraposición (tan propia dun dualismo típico de occidente que non ten

en cambio parangón nin xustificación noutras racionalidades, saberes, culturas) entre o coñecemento científico e o que non o é. O reto é crear un novo modelo de coñecemento, un coñecemento meta-científico ou pos-científico, que posibilite a acción transformativa sobre o real, a interrelación con outras formas de coñecemento, e o **diálogo construtivo e positivo entre diferentes formas de racionalidade**. Ese coñecemento ten que tomar conciencia da pluralidade de saberes, recoñecer os límites de si mesmo e de cada un deles, así como explorar as súas especificidades e validez práctica para, sobre a base da diferenza radical de racionalidades, facilitar a intercomunicación e converxencia de axentes dispares dotados de intereses diversos. Desesta forma o coñecemento poderá facilitar o tránsito desde o magma multicultural ao concerto intercultural; mentres o primeiro é unha condición intrínseca da modernidade avanzada, o segundo resolve a parálise relativista. A Arqueoloxía aporta a este proxecto a capacidade para recoñecer outras racionalidades e desvelar o seu sentido cultural a través das súas pegadas físicas e materiais. É un método para o diálogo cos etno-saberes.

-16 Ciencia en Comunidade, Patrimonio Público

A xestión do patrimonio, coma a mesma ciencia, non é un espectáculo, no sentido de que non é unha práctica que se desenvolva fronte a espectadores pasivos. Aínda que moi a miúdo asistimos a proxectos e intervencións arqueolóxicas que eran “espectaculares” nese sentido. Pero isto non pode seguir sendo así.

O traballo en patrimonio é participativo, implica procesos de co-construción entre diferentes axentes que non dependen só do xestor ou especialista en patrimonio. As **comunidades** piden paso na acción sobre o patrimonio e a súa entrada en escena dá lugar a un novo tipo de práctica, identificada como *community science* (Marshall 2002), que implica aos grupos locais no control dos proxectos. O problema práctico é identificar en cada caso que é a comunidade. En contextos “indíxenas” é fácil saber quen constitúe a “comunidade”, pero esta posición esquece que todos somos indíxenas con relación a algo e a outra xente; así que tamén en contextos rurais, posrurais e urbanos das nosas propias sociedades occidentais, haberá sempre unha comunidade; outro problema distinto é como interpelar á comunidade cando non está autoorganizada como tal; tampouco podemos incorrer na inxenuidade de pensar que todo o que se presenta como comunidade é inocente e intrinsecamente bo: a súa autoorganización e representación é resultado habitualmente de determinadas estratexias de poder e hexemonía dentro dos grupos, coma ocorre en definitiva no noso propio sistema político.

Pero a Arqueoloxía desenvolvida na comunidade ten implicacións maiores que modifican o sistema de poder e toma de decisións nos proxectos e actuacións (ver un exemplo de boas prácticas en Ayán 2010). E xa se sabe que calquera modificación das relacións de poder modifica alternativamente o sistema de saber e os seus produtos. Hoxe en día non se debería articular ningún proxecto, sobre todo de xestión e posta en valor do patrimonio, sen incorporar dentro del á comunidade, calquera que esta sexa, (pódese ver un exemplo en Cuesta et al. 2009, onde se pode ver como a construción participativa e dialogal coa comunidade

transversaliza a cadea de valor do patrimonio denantes tratada). O fracaso de moitas iniciativas culturais radica precisamente na súa insensibilidade cara á comunidade implicada, ás súas demandas e intereses. Pero isto forma parte dun proceso máis xeral que se coñece como **ciencia pública** (Criado 2010) e xurde cando a práctica científica se desenvolve na arena pública e, simultaneamente e como parte disto, involucra ao público. É fácil dimensionar quen é o público: este está formado por todos aqueles que arriscan algo nunha decisión e que polo tanto deben ser oídos e tomados en conta ao resolver esta (Funtowicz et al. 2000). Un *Patrimonio Público* é entón un patrimonio con e para a xente. A comunidade forma parte desa xente pero a xestión do patrimonio público implica a máis actores que aos meros sectores locais que, aínda que son esenciais, non esgotan a relación sinérxica entre especialistas e dominio público. Un Patrimonio Público abre a posibilidade de superpoñer múltiples narrativas sobre os bens patrimoniais (ver un exemplo en Gianotti et al. 2009).

-17 A transdisciplinabilidade radical dos estudos do Patrimonio

A práctica do patrimonio require **transcender os límites disciplinares** e superar os marcos concretos de acción de cada disciplina. O patrimonio non entende de Arqueoloxía, Arquitectura, Historia... Tampouco se pode clasificar con facilidade, a pesar do éxito e forza das etiquetas consolidadas, en patrimonio arqueolóxico, construído, histórico, moble, etnográfico, musical..., ou calquera outra.

Só se pode falar do patrimonio desde a interdisciplinabilidade, algo que xa reclamaba Azkárate 2004 e que é frecuente e manido argüír. Pero a interdisciplinabilidade xeralmente enténdese mal; é unha noción á que lle falta apertura hermenéutica. Só se pode ser interdisciplinario desde unha interdisciplinabilidade radical que dilúa os límites entre disciplinas, disolva os seus obxectos de estudo clásicos, propicie un mestizaxe de métodos e técnicas e afronte os problemas empíricos e conceptuais que o debate entre disciplinas xera. Calquera exemplo consistente de práctica interdisciplinaria permite recoñecer que esta é moi difícil, case una quimera. Non podemos subestimar o problema. Pero a solución está noutro sitio.

O importante non é facer investigación arqueolóxica, histórica ou antropolóxica, senón apuntar a problemas específicos e orientarse en función das preguntas que se pretende contestar. Para isto haberá que deseñar unha axenda de traballo na que interaccionen especialistas e técnicos diversos. A auténtica investigación e actividade innovadora realízase na fronteira entre diferentes disciplinas e no seo de equipos nos que os seus membros traballan cunha axenda marcada polo problema que se quere resolver e non polos intereses e sobredeterminacións disciplinares que subxacen a cada un deles. A isto denomíno Haber (2010b) *Arqueoloxía Indisciplinada*. Este indisciplinamento ou transversalidade vén dado pola necesidade de combinar dentro de cada proxecto non só a arqueólogos, senón tamén a antropólogos, historiadores, e outros especialistas.

En particular, a participación dos antropólogos neste proxecto de transversalización da Arqueoloxía e os estudos de patrimonio é perentoria, posto

que son eles os especialistas que poderán contribuír a identificar á comunidade coa que se debe interaccionar, a facer visibles as súas dinámicas e xogos de poder internos, a propiciar a comunicación entre os diferentes axentes implicados modulando a intermediación entre eles, a descubrir, en fin, o modelo de racionalidade involucrado nos discursos e relatos dos outros.

-18 Tecno-ciencia do Patrimonio e mercado de traballo

Aínda que construída neste sentido de xeito indisciplinado, necesitamos **unha tecno-ciencia do patrimonio** no sentido que Barreiro 2003 lle dá a este termo: “forma de acceso cognitivo ao mundo que non se limita a analizar a realidade e xerar un coñecemento autosuficiente (como a ciencia no seu sentido tradicional) senón que constrúe e transforma a realidade mediante a súa plena inserción no sistema produtivo”. Como tal, a **xestión do patrimonio e as disciplinas que investigan e poñen este en valor, tamén forman parte da economía da cultura**. De feito son un exemplo perfecto do novo tipo de prácticas que caracterizan a sociedade do coñecemento (ver Parga 2010a).

A gran novidade (auténtica innovación social inducida por un cambio legal) que supuxo a explosión da xestión do patrimonio nos últimos 25 anos, deu lugar a un colectivo profesional novo e dinámico, de arqueólogos, museólogos, historiadores, historiadores da arte, restauradores e, por suposto, arquitectos. A pesar disto, a súa situación de debilidade estrutural e a súa dependencia case en réxime de monocultivo do mercado inmobiliario, somerxeron este sector nunha crise sen paliativos, ante a que, así e todo, se pode manter un certo optimismo pois as necesidades do turismo, de invertir e mellorar os recursos culturais e, incluso, a posibilidade moi razoable de reconverter parte do sector da construción cara ao mercado da rehabilitación, ofrecen certas esperanzas de que prendan “xermolos verdes”, o problema real non é tanto este, coma outro.

É un bo exemplo disto a crise, en particular, que hai no mercado de traballo do patrimonio arqueolóxico e que afecta ao que con claridade podemos denominar Arqueoloxía Comercial. A crise aquí é de tales proporcións (ver Parga 2010b, Schlanger et al. 2010) que debemos preguntarnos se o problema non é maior que a retracción do mercado inmobiliario e o decrecemento da actividade construtiva.

Desde algúns puntos de vista, pódese soste que esta crise é tamén o reflexo da incapacidade que a Arqueoloxía mostrou durante os anos de bonanza económica para producir auténtico valor, para responder realmente ás expectativas sociais e para consolidar verdadeiramente o emerxente sector profesional. 25 anos de Arqueoloxía Comercial (tomando como punto de partida a aprobación da Lei de Patrimonio Histórico Español actualmente vixente), é certo que o noso nivel de coñecemento do pasado arqueolóxico tería sido outro se non dispuxéramos das intervencións xustificadas por razón de protección do patrimonio.

Pero ao mesmo tempo debemos cuestionarnos se se fixo unha achega suficiente e nova ao coñecemento arqueolóxico, cantas memorias non seguen inéditas, cantas escavacións (coa súa información e materiais) non sofren o efecto

da *lei de ferro da arqueoloxía profesional*: “unha escavación tapa a outra” (diximo un empresario arqueolóxico fai 12 anos, e segue sendo certo), que interacción co público e coas comunidades propiciamos, que revalorización real dos recursos arqueolóxicos e do seu medio socioeconómico producimos, que adaptación se fixo dos currículos de formación dos novos arqueólogos, que se renovou nos plans de estudo universitarios, onde están os Grados de Arqueoloxía (agora mesmo só se imparten na Universidade Complutense, na de Barcelona e na Autónoma de Barcelona). E sobre todo, debemos preguntarnos se son viables o modelo vixente de xestión do patrimonio arqueolóxico e o modelo de negocio que se creou en Arqueoloxía durante os últimos 20 anos: hai realmente espazo para satisfacer as necesidades de xestión do patrimonio mediante axentes privados ou estas terían que ser cubertas por iniciativas públicas entre as cales o INRAP francés tal vez constituía o mellor e máis extremo exemplo? (ver Kristiansen 2009). E se se considera que a iniciativa privada é condición suficiente para intervenir satisfactoriamente neste mercado, entón aínda hai que preguntarse é sostible o modelo de organización e xestión da empresa de Arqueoloxía que ata aquí se mantivo?

-19 Patrimonio e economía do coñecemento

O valor do patrimonio implica o seu valor económico. É algo que hoxe non podemos deixar de recoñecer. Non serven posicións presuntamente asépticas e virxinais, que aínda seguen preponderando en moitos ambientes, sobre todo académicos. O patrimonio é fomentar ou propiciar novas actividades e áreas de negocio e produción de valor. É un xacemento de emprego e unha canteira de oportunidades para proxectos emprendedores dentro das industrias da cultura. Tamén o patrimonio pode contribuír a estas e afianzar a situación das mesmas recentemente diagnosticada no informe de Meixide e Freixanes (2010).

O tema non está exento de riscos: que valor, como se establece, en beneficio de quen, con que modelo de xestión se rendibiliza, que plan de negocio é asumible, como subtraemos os bens patrimoniais do proceso de cousificación e comercialización xeneralizado, onde situamos a fronteira entre esta dimensión do patrimonio e a tendencia ilimitada á especulación. Sen obviar estes problemas, senón enfrontándonos precisamente a eles, hai que recoñecer e estudar os procesos de produción de valor relacionados co patrimonio. E isto sitúa coma unha prioridade a necesidade de desenvolver unha *economía do patrimonio* e unha socioloxía do mercado de traballo, da economía política, relacionada co patrimonio. É algo aínda pendente, unha necesidade infradesenvolvida. As confluencias desta liña de investigación coa economía da cultura, do turismo e, incluso, do medio natural, son precisas e reais, polo que a creación dunha economía do patrimonio podería avanzar en gran medida baseando os seus modelos de referencia neses outros campos (auténticas subdisciplinas da teoría económica) que xa están relativamente consolidados.

Por outra parte o desenvolvemento equilibrado e sostible dun mercado de traballo e actividade en patrimonio require unha estratexia de complementariedade

entre o ámbito da administración, o da investigación pública e o da actividade privada. Porén, cerrar o círculo virtuoso desa interrelación segue estando pendente. Continúa sendo urxente, vinte anos despois, conciliar investigación e xestión do patrimonio, academia e mercado.

O traballo en patrimonio e o sector privado que en torno a el emerxe, requiren adoptar de forma consciente e reflexiva un **modelo de transferencia de coñecemento** para interrelacionarse de forma satisfactoria coa sociedade. A nova empresa do patrimonio necesita, ademais, vertebrarse segundo un modelo de empresa de servizos tecnolóxicos propio da economía do coñecemento. A traxedia da Arqueoloxía Comercial (por volver a ela, pero o mesmo se podería dicir das empresas de restauración ou das exposicións temporais) radica en ser unha empresa innovadora que non sabe que o é. Ámbitos de actividade específicos da sociedade da información xestionanse con modelos xerenciais adecuados para as empresas do ladrillo: a empresa arqueolóxica constrúese a imaxe e semellanza dunha empresa de construción, cando en realidade se aproxima máis a unha empresa de servizos ou incluso de alta tecnoloxía. Como en tantos outros ámbitos, o problema é que cando habería que superar os modelos “modernos”, estes aínda non están plenamente asumidos.

O sector comercial do patrimonio maduraría dotándose dun modelo efectivo de *transferencia de coñecemento*, (a miúdo denominada aínda “transferencia de tecnoloxía”, se ben non é un termo correcto porque *tecnoloxía* é algo máis concreto que o coñecemento; a nova economía, se é que segue existindo, non utiliza só tecnoloxía senón, sobre todo, coñecemento). Pero este é un cambio que, estando aínda pendente, xa se empeza a quedar curto porque non podemos negar que o desenvolvemento dun paradigma de Patrimonio Público e a construción dunha Ciencia en Comunidade, en realidade disolven o modelo metodolóxico vixente de transferencia de tecnoloxía no sistema de I+D+i xa que, en realidade, dissolve a dualidade ontolóxica (entre científico que resolve unha demanda e axente social que a propón) que o fai posible, ao romper a dualidade entre investigador e cliente e deconstruír a prestación de servizos como o único modo de interrelación lineal entre ambos: ao poñer á xente dentro do proxecto, non só como usuarios senón na toma de decisións e no seu mesmo exercicio práctico, xurde un novo modelo de interacción entre a ciencia e o contexto socioeconómico e, particularmente, entre as disciplinas que interveñen sobre o patrimonio e a sociedade que o posúe. Aínda non é algo visible, pero é posible que a xestión do patrimonio e a promoción do sector profesional á redor do mesmo, requiran traballar sen empresas, articular a actividade no seo de proxectos colaborativos nos que concorran diferentes axentes públicos e privados, especialistas e usuarios. Non é seguro que sexa posible; non é seguro que sexa necesario. Pero sobre todo non é algo fácil de poñer en práctica.

-20 Algunhas prioridades concretas

Aínda arriscándonos a ser parciais, se tivéramos que derivar dos comentarios anteriores unha lista de temas e aspectos que é necesario considerar con urxencia dentro do estudo do patrimonio e da mellora das súas fórmulas de xestión,

seleccionaríamos os seguintes aspectos, porque constitúen temáticas que non foron tratadas en detalle ou están aínda pendentes:

- Perfeccionamento dos *sistemas de rexistro, documentación e inventario*, incluíndo o manexo de información visual e oral.
- Identificación, caracterización e protección das *paisaxes culturais*; en realidade o tema é máis amplo pois a auténtica urxencia é comprender a territorialización do patrimonio e as súas dimensións espaciais, que son unha prolongación das súas circunstancias materiais.
- Análises da *correlación do patrimonio cos procesos de constitución da memoria, as identidades e os valores*; isto involucra tanto o exame crítico dos esencialismos hexemónicos vinculados ao patrimonio, coma o descubrimento dos procesos de negociación entre tradicións culturais.
- Análises de *procesos de patrimonialización*, é dicir, como se constitúe o Patrimonio e, en particular, como xorden Novos Patrimonios na actualidade e cal é o destino dos Patrimonios Non-desexados da vella e nova recreación.
- O estudo e xestión do *patrimonio inmaterial*, ou o que tamén se denomina Etnolóxico, intanxible, simbólico..., incluíndo en particular a súa recuperación.
- Recoñecemento e análises dos *procesos de participación social e de co-construción do patrimonio* e dos modelos ou alternativas de xestión e revalorización do mesmo.
- Posibilidades e límites da *producción de múltiples narrativas* en relación co patrimonio; un bo exemplo é o noso proxecto de Caraguatá, no Uruguai (Gianotti et al. 2010, Gianotti et al. 2011, De Souza 2009).
- Prospectiva das medidas necesarias e posibles para estimular a *innovación social*, incluíndo os proxectos emprendedores e o xurdimento de novos valores económicos en relación co patrimonio.
- *É necesario normalizar a xestión do patrimonio*. Debemos ser tolerantes e adoptar unha posición positiva fronte ao feito inevitable de que os valores patrimoniais vaian acompañados dunha certa controversia ou incluso conflitividade. Pero hai que evitar que toda acción, intervención ou proxecto patrimonial xere disputas entre intereses implicados que se soen arranxar en contra do dereito básico do propio patrimonio que é a súa conservación.
- O anterior implica *implantar o principio de corresponsabilidade no estudo e xestión do patrimonio*. Unha corresponsabilidade que propicie a interacción entre administracións (a local, a rexional, a estatal, a supraestatal), entre estas e os colectivos profesionais, entre estes e os axentes públicos e comunitarios. En particular, a necesaria coordinación entre departamentos (ministerios, concellarías...) que se relacionan co patrimonio, é unha materia pendente: a administración do patrimonio non se pode distanciar

doutras políticas sectoriais como medio ambiente, solo, urbanismo, vivenda..., tampouco ciencia, educación, cultura...

Epílogo

O futuro do patrimonio pasa pola reconstrución da súa dimensión pública e está mesturado co necesario proceso de resocialización das prácticas e das políticas que o sistema económico-social necesita na actualidade. O desafío, entón, é como propiciar a consolidación desa dimensión pública dos bens patrimoniais nun contexto marcado polo refluxo dos valores públicos e pola xestión dunha crise que vai camiño de amortizarse en beneficio dos poderes que a desencadearon. Como provocar cambios nun contexto que vai en sentido contrario ao que propugnan estas reflexións? A práctica dominante nas disciplinas patrimoniais non tende a ir, en liñas xerais, cara a este rumbo. A alternativa só pode ser crear modelos distintos que contribúan a modificar as condicións de contexto ao establecer novas posibilidades. Ao facer iso debemos saber que non estamos sos.

Os nosos retos non son distintos aos implicados na reconstrución do sistema de saber na pos-modernidade. Mentres tanto só temos unha certeza: as sociedades do século XXI precisan dunha nova forma de coñecemento e, non creo que sexa pomposo recoñecelo, á súa construción pode contribuír en gran medida ao patrimonio e ás prácticas relacionadas con este por varias razóns: como repositorio é a representación da variedade cultural e social; como acervo de tradicións culturais dispareas, nel conflúen e ás veces conflictúan lexitimidades diversas; os desafíos teóricos e prácticos, metódicos e pragmáticos das disciplinas que significan (producen sentido) e xestionan (producen valor) o patrimonio, permítenlles documentar e comprender a multiplicidade de racionalidades e fomentar o diálogo e intercomprensión entre elas; como tal, constitúe un campo de experimentación esencial dos novos problemas e solucións aos que se enfrenta unha sociedade transmoderna, multicultural, globalizada, e porén sacudida por reclamacións rexionais, localistas, identitarias, que impoñen con razón a necesidade de preservar e promover a diversidade cultural e a sostibilidade social; como encrucillada de racionalidades, require intertraducir todas as tradicións existentes; como valor simbólico, demanda a procura de fórmulas de creación do sentido consensuadas e negociadas.

Cabalgando sobre estas razóns, non creo que sexa presuntuoso reclamar a centralidade do patrimonio para innúmeras prácticas actuais.

Bibliografía

- AYÁN VILA, X: «A Lanzada. Un proxecto de recuperación e divulgación arqueolóxica en Pontevedra», *blog* accesible en el enlace: <http://alanzada.wordpress.com/>. 2010
- AZKARATE GARAI-OLAUN, A.: «La interdisciplinariedad ¿una concesión al lenguaje políticamente correcto?», en J. I. Lasagabáster Gómez (dir.), *Segunda Bienal de la Restauración Monumental. Qué está pasando. Condicionantes*,

- teoría y praxis actuales del ejercicio de la restauración monumental*, Vitoria-Gasteiz, Fundación Catedral Santa María, 2004
- BARREIRO, D.: «Arqueología y Pragmatismo Crítico. Hacia la renovación axiológica de la Arqueología». *Claves de Razón Práctica*, 133 (2003), pp. 36-41, Madrid; <http://hdl.handle.net/10261/16054>
- CRIADO BOADO, F.: «El futuro de la arqueología ¿la Arqueología del futuro?». *Trabajos de Prehistoria*, 53: 1 (1996), pp. 15-35, Madrid. <http://hdl.handle.net/10261/12248>
- CRIADO BOADO, F.: «La Memoria y su huella. Sobre arqueología, patrimonio e identidad». *Claves de Razón Práctica*, 115 (2001), pp. 36-43, Madrid. <http://hdl.handle.net/10261/11212>
- CRIADO BOADO, F.: «La centralidad del Patrimonio para la cooperación: La ciencia pública como paradigma, el programa CYTED como ejemplo», en *Actas IV Congreso Internacional Patrimonio Cultural y Cooperación al Desarrollo* (16, 17 y 18 de junio de 2010, Sevilla), 2010, pp. 65-70, <http://hdl.handle.net/10261/25880>
- CRIADO BOADO, F.: «La producción del sentido en la Modernidad IIIC. Sobre Arqueología, Interpretación, Humanidades y Conocimiento», en J.A. Quirós (ed.), *El fin de la Arqueología*, Madrid: Siglo XXI, en prensa. Preprint disponible en <http://hdl.handle.net/10261/25245>
- CRIADO-BOADO, F., D. BARREIRO, X-L. ARMADA, R. BLANCO-ROTEA, M. COSTA-CASAS, C. GONZALEZ-PEREZ, C. PARCERO-OUBIÑA, M. P. PRIETO-MARTÍNEZ, e C. SÁNCHEZ-CARRETERO: *The Heritage Laboratory Strategic Plan: An Interdisciplinary Research Line on Cultural Heritage*, disponible en *Digital.CSIC* bajo el link: <http://hdl.handle.net/10261/12211>, 2008a
- CRIADO-BOADO, F., D. BARREIRO, X-L. ARMADA, R. BLANCO-ROTEA, M. COSTA-CASAS, C. GONZALEZ-PEREZ, C. PARCERO-OUBIÑA, M. P. PRIETO-MARTÍNEZ, e C. SÁNCHEZ-CARRETERO: *Additional material to The Heritage Laboratory Strategic Plan: An Interdisciplinary Research Line on Cultural Heritage*, disponible en *Digital.CSIC* bajo el link: <http://hdl.handle.net/10261/13242>, 2008b
- CUESTA A. V., J. DIMURO, C. GIANOTTI e M. MUTTONI: «De la investigación a la construcción participativa del patrimonio. Un programa de educación patrimonial y divulgación de la cultura científica en Uruguay», *ARKEOS* 4: 11, 2009 <http://mileto.pucp.edu.pe/arkeos/content/view/225/26/>
- De SOUZA, G. (dir.): *Documental Los Narradores del Caraguatá* (55 min), Laboratorio de Patrimonio, CSIC, realización Camila Gianotti, Juan Martín Dabezies, Gabriel de Souza, Gabriel Bendahan, Andrés Costa; disponible en <http://www.antropologiavisual.org/> y <http://hdl.handle.net/10261/25625>, 2009
- ECHEVERRÍA, J.: «La innovación oculta», *Negocios en Navarra*, XX: 215 (2010), pp. 106-8.

- ECHEVERRÍA, J.: «Innovación sin ciencia», *Revista Iberoamericana de Ciencia, Tecnología y Sociedad: FORO*, 2 (2010) pp. Electronic paper.
- FUNTOWICZ, S.O. e J.R. RAVETZ: *La ciencia posnormal. Ciencia con la gente*, Barcelona, Icaria, 2000.
- GARCÍA-BODAÑO, S.: «Do Patrimonio Cultural», *El Correo Gallego*, 29 de agosto de 2010.
- GIANOTTI GARCÍA, C. e J. M. DABEZIES: *Exposición Fotográfica Huellas de la Memoria: una mirada a los paisajes culturales de Tacuarembó*. Idea y Realización CSIC – Laboratorio de Patrimonio, disponible en http://www.csic.es/detalle_actividad.do?print=true&idActividad=1939, 2009.
- GIANOTTI, C. e J. M. DABEZIES.: *Huellas de la Memoria*, Serie Anaina, 1, Santiago de Compostela, CSIC – Laboratorio de Patrimonio; pronto disponible en Digital.CSIC. 2010.
- GIANOTTI, C., D. BARREIRO, F. CRIADO-BOADO, J.M. LÓPEZ MAZZ: «Constructing from the South. A post-colonial perspective on scientific cooperation». en S. van der Linde and C. Neeleman (eds.), *European Archaeology Abroad*, London, Berghahn Books; (en prensa).
- GONZÁLEZ MÉNDEZ, M: «Investigación y puesta en valor del Patrimonio Histórico: planteamientos y propuestas desde la arqueología del paisaje». *Tesis Doctoral*, Historia I da Facultade de Xeografía e Historia da USC. Santiago de Compostela, Director: Felipe Criado Boado. <http://hdl.handle.net/10261/28279> 1999.
- GONZÁLEZ-RUIBAL, A.: «Making things public. Archaeologies of Spanish Civil War», *Public Archaeology*, 6: 4 (2007) pp. 203-26.
- GONZALEZ-RUIBAL, A.: «Time to Destroy. An Archaeology of Supermodernity» *Current Archaeology*, 49: 2 (2008) pp.247-79.
- GONZALEZ-RUIBAL, A.: «Topography of terror or cultural heritage? The monuments of Franco's Spain», en N. Forbes, R. Page e G. Pérez (eds.), *Europe's deadly century. Perspectives on 20th century conflict heritage*, Kemble Drive, Swindon: English Heritage; (2009) pp. 65-72, <http://hdl.handle.net/10261/21335>
- HABER, A.: «El patrimonio arqueológico ha muerto. Un epílogo y un epitafio», en C. Jofré (ed.), *El regreso de los muertos y las promesas del oro. Serie Inter/Cultura=Memoria+Patrimonio, Colección Con-Textos Humanos*. Catamarca: Grupo Editorial Encuentro e Doctorado en Ciencias Humanas de a Universidad Nacional de Catamarca, Córdoba e Catamarca. 2010a.
- HABER, A.: «Arqueología y desarrollo: anatomía de la complicidad», V Encuentro Internacional de Teoría Arqueológica en América del Sur, Caracas, Junio 2010. (Se publicará en *Antípodas. Revista de Antropología e Arqueología*, Bogotá: Universidad de Los Andes). 2010b.
- KRISTIANSEN, K.: «Contract Archaeology in Europe: an experiment in diversity», *World Archaeology*, 41: 4, (2009) 641-8; <http://qu->

se.academia.edu/KristianKristiansen/Papers/188207/Contract-archaeology-in-Europe--an-experiment-in-diversity

- MARSHALL, Y.: «What is community archaeology?», *World Archaeology*, 34: 2 (2002) pp. 211–9.
- MEIXIDE, A. e V. FREIXANES, (eds.): *O capital da cultura. Unha achega ás industrias culturais de Galicia*. Coruña: Centro de Investigación Económica e Financiera de Caixa Galicia. 2010.
- PARGA-DANS, E.: «Commercial Archaeology in Spain: its growth, development and the impact of the global economic crisis», en N. Schlanger, e K. Aitchison (eds.), *Archaeology and the global economic crisis. Multiple impacts, possible solutions*. Bélxica: Culture Lab Editions; <http://digital.csic.es/handle/10261/27634>, 2010a.
- PARGA-DANS, E.: *Informe de resultados: Primera encuesta nacional dirigida a empresas de arqueología*. Santiago de Compostela: Laboratorio de Patrimonio (LaPa-CSIC); <http://hdl.handle.net/10261/26192>, 2010b.
- QUEROL, M.A.: *Manual de Gestión del Patrimonio Cultural*. Madrid: Akal. 2010
- SCHLANGER, N., e K. AITCHISON (eds.): *Archaeology and the global economic crisis. Multiple impacts, possible solutions*. Bélxica: Culture Lab Editions; <http://digital.csic.es/handle/10261/27634>, 2010.
- TUNBRIDGE, J.E. e G.J. ASHWORTH: *Dissonant Heritage: The Management of the Past as a Resource in Conflict*, Chichester, John Wiley and Sons Ltd, 1996.
- VILLARMARZO E., C. GIANOTTI, F. CRIADO-BOADO, J.M. LÓPEZ MAZZ, O. MAROZZI, I. CAPDEPONT, F. CARVE e M. SOTELO: «Políticas Públicas y Patrimonio Cultural en Uruguay», *VII Encontro Regional da SABUL. Arqueologia, Patrimônio e Desenvolvimento* (Jaguarao, Brasil, 27-30 de setembro de 2010), Sociedade de Arqueología Brasileira-delegación do Sul, <http://hdl.handle.net/10261/28249>, 2010
- VV.AA. *Comentarios al borrador de Ley del Patrimonio Cultural de Uruguay. Documento técnico elaborado en el marco de una reunión de cooperación para la discusión del proyecto de Ley de Patrimonio Cultural de Uruguay*. Santiago de Compostela: LaPa (CSIC). <http://digital.csic.es/handle/10261/25782> o <http://patrimoniouruguay.blogspot.com/>. 2009.

Referencias

Sobre o autor:

Felipe Criado Boado é profesor de investigación do CSIC desde o ano 2000. Antes foi profesor titular da Universidade de Santiago. É responsable do grupo de investigación denominado “Laboratorio de Patrimonio” (LaPa – CSIC). Recentemente foi nomeado director do *Instituto de Ciencias del Patrimonio*, un centro de investigación do CSIC de nova creación cuxa sede se construíra en Santiago de Compostela. Foi Coordinador da Área de Ciencias Humanas e Sociais

do CSIC desde 2003 a 2008. Actualmente é Xestor da Área de Ciencia e Sociedade do Programa CYTED de Cooperación Científica Iberoamericana. Os seus temas de interese son o estudo da monumentalidade, a arqueoloxía da paisaxe, o patrimonio cultural e as relacións entre Ciencia e Sociedade. Conxuga experiencia en labores de investigación, formación, xestión do patrimonio e xestión da ciencia. Ten máis de 130 artigos e monografías publicadas, e é membro de comités editoriais de revistas galegas, españolas e internacionais.

Palabras clave:

Patrimonio Cultural; Patrimonio Público; Cultura Material; Estudos Culturais; Arqueoloxía e Sociedade; Interpretación; Interculturalidade; Transferencia de coñecemento; Industrias do Patrimonio; Ciencia Pública

Keywords:

Cultural Heritage; Public Heritage; Material Culture; Cultural Studies; Social Archaeology; Interpretation; Interculturality; Transference of Knowledge; Heritage Industries; Public Science

Resumen:

Este traballo foi preparado por solicitude do *Consello da Cultura Galega* para contribuír a un debate sobre o Patrimonio Cultural de Galicia vinculado cas posibilidades de redactar unha nova lei galega do Patrimonio. No presente texto destácanse algúns trazos relativos ao valor actual do Patrimonio Cultural, á situación presente dos estudos de investigación e xestión do Patrimonio Cultural, á necesidade de conxugar múltiples narrativas na interpretación deste, á conveniencia de establecer un sistema ordenado de diálogo entre estas narrativas, á interacción dos proxectos patrimoniais coas comunidades, á construción dun Patrimonio Público e á xeración de novos modelos de relación co medio e produción de valor nas industrias e mercado de traballo en Patrimonio.

A versión galega deste texto foi correxida por Yolanda Seoane Veiga, o texto revisado por David Barreiro e a edición por Matilde Millán (Incipit, CSIC).